

A costa dos Alcornocales.

No sur da península Ibérica e baixo a atenta mirada de África, prodúcense fértiles encontros; o Atlántico mestúrase co Mediterráneo, e o Parque Nacional dos Alcornocales linda co do Estreito.

Ás veces, os encontros son tráxicos. Foino do mercante Dina, de bandeira panameña e tripulación grega, cos baxíos, cando embarrancou, en 1983, empuxado polo vento de levante. Cando crebou a obra viva do buque, o capitán, o primeiro oficial e o maquinista non quixeron saír. Ata que foi irremediable o final do Dina, que afundiou en Cala Areas, fronte ás Pedras do Chorlito.

A xente do lugar falar dos restos do Habichuelo, sobrenome que recibe pola carga principal do mercante, que quedou esparcida no fondo mariño. Hoxe en día non quedan restos das alubias, e o pecio, a uns 10 metros da superficie, converteuse nun fondo mariño máis.

No entanto, camuflado entre os epífitos, aínda se ve algún enxeño humano, inerte xa, arrodeado de algas, sen máis función que servir de soporte. O vento, o auga e o tempo modificaron a estrutura da nave, e na súa superficie incrustouse a vida mariña en todas as formas bentónicas.

Algunhas pezas aínda son reconocibles, pero outras, xa se mimetizaron co seu novo hábitat e co seu os seus novos inquilinos. E é que as algas non diferencian a materia metálica que un día foi barco da superficie pétreo que sempre foi rocha.

Algas, como o espárrago mariño, necesitan un substrato firme e sólido, ao que agarrarse coa forza suficiente para non ser arrincadas polas correntes do Estreito, que circulan sen descanso e arrastran canto atopan ao seu paso.

Aínda que algúns organismos, como os espirógrafos, obteñen máis vantaxes que inconvenientes de que a corrente deixe alimento e osíxeno entre o seu plumeiro de branquias.

Pero outros seres teñen máis problemas coas correntes. Os tres colas achan acougo a resguardo dunha rocha, onde os remuíños de area reflicten a forza da auga nas súas rutas submarinas.

Na superficie, os muiños de vento viran vertixinosos. Os quixotes modernos confúndenos con xigantes que hai que combater; pero con sensatez eterna, os sanchos contemporáneos venos como aliados do vento para mellorar a vida dos homes.

Na desembocadura do río Guadalmesí, a torre homónima, a medio camiño entre Tarifa e Alxeciras, servía para evitar que os navíos inimigos se aprovisionen de auga.

As pedras baixan da serra da Lúa co río; cando descansan, fronte a África, cóbrenas algas amantes da luz e adaptadas á inundación intermitente que impón a marea.

Baixo o mar, xa sen apenas cantos, servirán de refuxio para peces e de substrato para algas. E repartirase esa tarefa cos ferros dos barcos. Na cheminea que percorría o vapor dun barco, agora xogan peixes e crustáceos, acubíllanse lesmas e crustáceos e fíxanse as algas, sobre todo as máis resistentes ás correntes e de crecemento máis rápido.

Os pequenos tres colas compensan a súa debilidade con astucia. Mentres que a faneca brava, aguanta, imperturbable, os empuxóns das correntes de Estreito de Xibraltar.